

Proxecto de Recollida Selectiva e Reciclaxe do Lixo para a Mancomunidade do Morrazo



A empresa OTT-CONSA de pontevedra presentou hai agora oito meses (febreiro de 1996) á Mancomunidade de Concellos de O Morrazo o proxecto "Xestión Integral de Resíduos Urbanos: Recollida Selectiva e Tratamento", que plantea como obxectivo a recollida e o tratamento ecolóxico dos residuos sólidos urbanos (RSU), dos lodos de depuradora, de parte dos residuos florestais, e dalgúns residuos procedentes de industrias alimentarias. A alternativa basea-se na recollida selectiva do lixo, destinando a materia orgánica fermentável para a produción de compost e comercializando os materiais inertes como materias primas para os diferentes sectores industriais. Contempla-se ademais un vertedeiro de apoio para a fracción non reciclável (aínda que alternativamente esta podería ser tratada por SOGAMA) e un vertedeiro de seguridade para os tóxicos. O presuposto global é de 870.720.000 ptas, tendo conseguido xa unha financiación por uns 600.000.000 ptas procedente da Unión Europea. A instalación realizará-se de forma gradual, prevendo-se completala para 1999. Mentres o plan da Xunta se retrasa continuamente, a xestión da Mancomunidade do Morrazo podería converterse en exemplar no noso país.

O proxecto consta dos seguintes subprogramas:

1. Motivación social e sensibilización cidadana (4,1% do presuposto).
2. Dotación de medios para a implantación xeneralizada da recollida selectiva (48%).
3. Tratamento de RSU e residuos orgánicos asimiláveis (48%).

SENSIBILIZACIÓN

O primeiro subprograma inclúe actividades en relación con centros educativos, organizacións sociais e medios de comunicación, mediante materiais de difusión e promoción da reciclaxe, ademais dun punto informativo itinerante. Outro aspecto deste subprograma é o que poderíamos denominar de investigación e desenvolvemento (I+D), que inclúe a instalación dunha planta piloto de



demonstración para a experimentación e divulgación de produtos reciclados e do compost, así como a realización de estudos de mercado. Comtempláanse como obxectivos e tarefas propios do servizo integral de xestión do lixo a mellora e divulgación do compost e o fomento da súa demanda para diversos cultivos na mancomunidade e na provincia de Pontevedra, así como a demanda e utilización de materiais reciclados (papel, etc) por parte de empresas e institucións locais.

RECOLLIDA SELECTIVA

O segundo subprograma inclúe a dotación de contenedores e a maquinaria para a recollida, así como a instalación de 4 áreas de aportación ou centros de reciclado. O plan prevé a instalación de 160 contenedores de vidro (2.500 litros) e outros tantos de papel/cartón (3.000 litros). As pilas e medicamentos recollerán-se en pequenos contenedores distribuídos nun total de 100 casas comerciais colaboradoras. A recollida da materia orgánica farase nun total de 600 contenedores, mentres que para a fracción inerte se necesitan uns 200, todos eles de 3.200 litros. Os parques de reciclaxe, un en cada vila, teñen por finalidade atender a recollida selectiva de diferentes materiais como os voluminosos e outros, onde os usuarios os poderían depositar a calquera hora do día.

TRATAMENTO

O terceiro subprograma consiste na construción dunha planta de reciclaxe, na adquisición da maquinaria e na construción dos vertedeiros de apoio. As fraccións recollidas individualmente (papel/cartón e vidro) serán comercializadas directamente. As fraccións orgánica e inerte e inerte seguirán os procesos representados no Cadro. A partir da fracción orgánica recollida selectivamente obterá-se unha maior parte de compost de alta calidade (con un prezo previsto de 3-4 ptas/kg), unha pequena cantidade de inertes limpos para reciclar, así como un refugallo que irá ao vertedeiro. A fracción inerte seguirá un proceso similar, pero a cantidade de compost que se obtén desta será pequena de calidade inferior, mentres que se obtendrán fundamentalmente inertes limpos para reciclar, e a correspondente fracción de refugallo. O resultado global previsto é dunha reciclaxe entornada ao 70%, ficando un 30% de refugallo inertizado que iría ao vertedeiro. Os custos do tratamento sitúanse entre as 2 e 3 ptas/kg, dependendo da participación do concello de Marín no proxecto mancomunado.

Globalmente, o proxecto presenta un claro interese social e medioambiental, e un carácter innovador e integrador, ao aportar unha solución global aos principais residuos xenerados na mancomunidade. ■